

conta dunha *estilística* bolañesa) e teórico-crítico (ou mesmo ideolóxico-político). De certo, na súa elaboración e exemplificación concreta, estes catro grandes puntos de organización analítica poderían ser empregados como un completo modelo de análise dramatolóxico de calquera peza dramática. Nese senso, había neste capítulo 5 (“Estudo de *Agasallo de sombras*”) un outro libro, tanto pola súa independencia a respecto da visión globalizante que supón todo o previo, como polo seu interese particular e independente.

Finalmente, unha bibliografía moi detallada e convenientemente clasificada proponnos unha revisión e fonte de consulta útil (e unha vez máis, didáctica) desde a que ampliar ou discutir este libro que, de xeito suxestivo e rigoroso, nos convida non só a non esquecer ao Vidal Bolaño dramaturgo, senón tamén a encetar novas liñas de análise que permitan facer xustiza á súa obra e á súa importante personalidade como pai do teatro galego contemporáneo.

Inmaculada LÓPEZ SILVA

Bibliografía citada

BECCERRA SUÁREZ, Carmen e VILARIÑO PICOS, M^a Teresa (eds.) (2002): *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico*. Lugo: Tris Tram.

SHEFFY, Rakefet (1990): “The Concept of Canonicity in Polisystem Theory”, *Poetics Today*, vol. 11, n^o 3, pp. 511-522.

FRÍAS CONDE, Xavier (2010): *Compendio de gramática galega*. Girona: Romania Minor (*Ianua*, suplemento 9), 147 pp.

FRÍAS CONDE, Xavier (2010): *Cuestións de lingua galega*. Girona: Romania Minor (*Ianua*, suplemento 10), 130 pp.

Xavier Frías Conde, ademais de prolixo escritor e tradutor¹, é un destacado especialista en lingüística iberorrománica e docente de linguas galega e portuguesa na UNED. Nos últimos doce anos vén publicando na editora Romania Minor² unha serie de suplementos monográficos, complementarios ao anuario *Ianua. Revista Philolo-*

gica Romanica, dedicados a diferentes aspectos glotolóxicos (ortografía, fonética e fonoloxía, gramática, sintaxe, sintagmática, semántica, dialectoloxía, pragmática, psicolingüística) vinculados a distintas linguas e variedades lingüísticas iberorrománicas (asturiano, eonaviego, catalán, español, galego, portugués, sanabrés, sardo, etc.). Nesta colección de Romania Minor, accesibel tamén en formato electrónico³, Frías Conde dedícalle ao galego catro monográficos de índole gramatical e morfosintáctica: *Introdución á sintagmática do galego* (2011), *Compendio de sintaxe galega* (2010), *Compendio de gramática galega* (2010) e *Cuestións de lingua galega* (2010). Nesta ocasión presentaremos os dous últimos ensaios, que constitúen os suplementos 9 e 10, respectivamente, da revista *Ianua* á que xa fixemos referencia.

No primeiro caso, o *Compendio de gramática galega* aspira a ser unha gramática de uso e consulta –como o mesmo autor declara na contraportada do libro⁴– do galego contemporáneo para os estudantes e lectores en xeral que pretenden abordar por primeira vez a lingua galega, ben a partir dun descoñecemento absoluto do noso idioma, ben accedendo a partir doutra lingua románica. Partindo dun primeiro bloque (capítulos 1 a 5) dedicado aos trazos fonéticos e ortográficos máis característicos (o alfabeto, regras de acentuación prosódica e diacrítica, uso de determinados grafemas, etc.), o *Compendio* fai a continuación (capítulos 6 a 13) un repaso dos principais riscos morfosintáticos do galego, distinguindo unidades, funcións e contextos de uso: determinantes, posesivos, demostrativos, numerais, cuantificadores, interrogativos, flexión de xénero e número, pronomes (contextos de énclise e próclise dos clíticos), contextos de negación, afirmación ou interrogación, mecanismos de comparación e cuantificación; o verbo (a conjugación e os paradigmas verbais, as perífrases), adverbios e conectores prepositivos, etc. Nas páxinas finais do monográfico (pp. 139-143) inclúese un útil *Glosario*, quizais, ao noso xuízo, máis breve do desexado (tendo en conta o perfil de lector ao que vai dirixido), no que se escolman algún dos conceptos aos que (in)directamente se fixo referencia ao longo do

¹ <http://www.xavierfriasconde.es.tl/>.

² <http://www.romaniaminor.net/>.

³ Pódense consultar en pdf ou en formato flash: <http://www.romaniaminor.net/ianua/sup.htm>.

⁴ Neste sentido, malia ser un ensaio eminentemente práctico, sería recomendábel incorporar unha mínima introdución explicativa ao inicio da monografía destinada ao lector pouco avezado na lingua en cuestión. Esta puntualización atinxiría tanto ao *Compendio de gramática galega* coma ás *Cuestións da lingua galega*.

Compendio (exs. dativo de solidariedade, metafonía, predicativo, vogal rizotónica, tópico, valencia, etc.). Cómpre salientar, en definitiva, que nestes dous bloques de contido se emprega un enfoque metodolóxico eminentemente didáctico –mesmo tamén na disposición tipográfica dos ítems escolmados e do aparato de exemplos–, así como a preferencia pola exposición dos contextos de uso máis rendíbeis na lingua viva.

Pola súa banda, *Cuestións de lingua galega* propónse chegar a un público amplo usuario da lingua (a distintos niveis) co obxectivo fundamental de fornecernos dunha información nidia a respecto da morfosintaxe e do léxico galego, discriminando aqueles usos espurios, alleos á lingua propia, en moitos casos debidos a deturpacións de vello introducidas por interferencia do castelán. Do punto de vista gramatical (bloque I: pp. 3-82), Frías Conde estimula no lector un proveitoso mergullo polas estruturas sintagmáticas do galego (adxectivas, nominais, verbais, diatéticas...; conectores sintácticos, temáticos, etc.), os pronomes e clíticos (p. ex. os usos de *se*, as formas de cortésia, os alomorfos de terceira persoa, o pleonasma e a colocación dos clíticos), o uso das formas verbais (o infinitivo conxugado, a distinción entre pretérito e copretérito, o uso do antepretérito e o futuro, os tempos conxuntivos, o uso de *ter* e *haber* como auxiliares, etc.), os usos preposicionais (o obxecto de persoa con *a*, as formas *deica* e *até*, algúns usos da preposición *de*), as perífrases verbais ou as cláusulas condicionais. No segundo bloque (pp. 83-127), inclúese unha utilísima relación por orde alfabética de variantes léxico-semánticas (exs. *aburrir* ~ *aborrecer*, *aprender* ~ *ensinar* ~ *mostrar*, *botar* ~ *deitar*, *cumpre* ~ *cómpre*, *fai* ~ *vai* ~ *hai*, *longo* ~ *largo*, *secreto* ~ *segredo*, *último* ~ *derradeiro*; uso dos verbos *prender*, *prestar*, *quedar*, *quitar*, etc.), estruturas sintácticas (prep. *a* + infinitivo, verbo *ir* + prep. *en*, etc.) e outros usos e expresións (cuantificadores imprecisos, *deica*, expresión da probabilidade, expresión de dúbidas, expresión de cantidades imprecisas, nomes de parentesco, xentilicios, respostas eco, etc.), cuxo uso axeitado na fala habitual dos usuarios (maternos ou non) da lingua pode ser problemático debido á interferencia lingüística. Neste sentido, o lector agradecerá que o enfoque metodolóxico deste pequeno manual conciba o galego non coma unha lingua rexional e illada, senón coma unha variedade idiomática dentro do diasistema lingüístico galego-portugués, polo cal o lector interesado poderá achegar-

se ao galego, non supeditado necesariamente ao seu uso estándar prescritivo, senón desde unha perspectiva plural e aberta na que se toma en consideración con obxectividade o uso real e condicionado da lingua e na que se fai continuamente alusión (in)directa ás outras variedades pertencentes a ese rico universo lingüístico ao que nos referimos, nomeadamente o portugués peninsular e brasileiro.

Ricardo PICHEL GOTÉRREZ

GALBÁN MALAGÓN, Carlos J. (2010): *A Guerra dos Irmandiños*. Santiago de Compostela: Edicións Lóstrego, 118 pp.

Mucho se ha escrito sobre el movimiento *irmandiño* de 1465-1469 desde el surgimiento de la Historia como disciplina científica profesional en nuestro país. Seguramente, este tema, junto con el del culto y la peregrinación a la tumba del Apóstol Santiago, sean los que mayor interés y polémica hayan despertado en el conocimiento del pasado medieval de Galicia, tanto para la historiografía española como para la más específicamente gallega. De hecho, la relevancia y las implicaciones del complejo y cruento conflicto antiseñorial en que devino la convocatoria general de la Junta de Hermandad de Medina del Campo de 1465, y que se extendió entre 1467 y 1469, han trascendido el marco de la discusión académica para convertirlo en uno de los ejes explicativos de la conformación de la identidad y la especificidad histórica del territorio gallego y sus gentes.

No es necesario extenderse aquí a desgranar la abundante producción historiográfica que, muy particularmente desde los años 70 del pasado siglo XX y con particular atención hacia la problemática de la conflictividad social, se ha ocupado del fenómeno de la *Irmandade* de la segunda mitad del siglo XV. Basta señalar que, sin duda, tanto el interés social que genera el levantamiento *irmandiño* como el esfuerzo de investigación histórica en torno al mismo han contribuido a una notable profundización en el conocimiento de este objeto de análisis a lo largo de las últimas décadas. De ello son muestra la ampliación del corpus de fuentes manejadas tanto escritas como materiales, relativas al contexto de la *Irmandade*, la progresiva reactualización de los enfoques teóricos a partir de los cuales se pretende analizar